

Na Regueira de Xigonde

Pseudónimo: Terra e vida

— Papaie! , Ai Papaie!

Aquel home que aos seus ollos de cativo, era ergueito de dignidade como a caracocha da Devesa de Dentro, detívose en seco coas zocas batendo nos cons do vello camiño de bois, ese ao que toxos e silvas lle encomezaban a facelas beiras. El volveuse de súpeto e fitouno de fronte, coa ollada cargada dun estrume de outono. Viuno empolicado no valado coa destreza áxil das lebres novas que xa non quedan, fitando incrédulo de fronte os ecos dunha traxedia curtida aos poucos. Viuno deste xeito triste, só un intre en silencio, e logo comprendeu, como só aqueles que van tirando para vellos poden comprender. Foi mascando a resposta á precisa pregunta que xa outeaba, que uliscaba no ar reseado, xa resoando nos corgos luídos polas antigas rodas de carro. Todos precisamos de certas respostas, como precisamos, a seguridade de ter alguén ao carón para dárnolas nos precisos momentos.

Aínda non volvera os ollos cara o pai, cando un silencio de leite de regueira seca se apoderou deles, apremándolles no corazón a angustia de rachalo. De dicirse algo ao menos, para evitala dor que un sabía acubillada no peito do outro. As vacas detivéronse tamén, coa súa paciencia eterna, a apañar unha freas resecas nos comareiros da fonda congosta que transitaban. Todo agardaba.

— Papaie, ai papaie! — Volveu dicilo raparigo.

— Que foi ho, que foi! — Dixo o pai cun agarimo de panqueixos no berce da boca.

E o pícaro, entón, soubo que era o momento. E nisto que se encerellou un chisco no barullo das primeiras e transcendentais preguntas, esas que só concedemos responder á inxenuidade dos nenos. Mollou por fin de cuspe a fiestra pegañosa das verbas, para dicir:

— E logo por que está seca a regueira de Xigonde, papá?

Entón o pai, coa resposta xa argallada no tempo dos silencios do fillo, tivo oportunidade para decatarse do axiña que pasa a vida. Do que foi e do xa non é, do que deixou de ser máis alá dunha existencia milenaria, crebada como unha poza lazada co pisar dos pés dun novo tempo depredador.

— Cansou, fillo, cansou... foi cansando de tan vella, ata que secou por completo. Tamén nós habemos de cansar algún día... — Contestou el, cun resaibo tristeiro na voz que tamén advertiu o neno, ao tempo que desviaba a mirada cara a frondosidade das carballeiras da Costa que se levantaban como deusas no berce do val do Faro.

— Xa... pero é que esta Regueira nunca secou, va que non papá? Escoiteillo dicir ao avó dunha vez, que nunca se coñeceu que secase, aínda no verán máis ardido sequera... — Volveu dicir o rapaz cunha airexa de derradeira esperanza no timbre da voz desesperada. Era pregunta sen sela, afirmación trémula. A ambigüidade das revelacións tristes.

E o pai non soubo que responder, e por iso quedou calado ante a verdade dunha verdade que fora verdade ata o daquelas, pero que xa non valía. E todo se volveu aínda máis cru e máis real dito dese xeito pola boca do pequeno.

Calou, apreixou un pouco máis forte os tendóns da vara de amieiro no corazón da man calosa e regañada. Volveuse cara as vacas, que agardaban impasibles remoendo no tempo, como querendo fuxir do resaibo amargo que deixaran no ar as atinadas palabras do fillo. Este soubo da congoxa acubillada no corazón do proxenitor, e querendo poñerse a rentes da súa frustración, volveu tomala dianteira como o homiño que xa ía sendo, e dende o alto do valado comesto dun musgo enfermo de sede, falou. Foi sen querer buscar unha resposta, pois decatouse de que tamén ao pai lle custaba atopalas palabras precisas. Decatouse, de que por veces, non hai palabras atinadas pala expresala dor. Que a dor, se é compartida, lévase máis mainiña. E como un verso desesperado recitado á noiva do bosque, exclamou nun lamento solitario:

— E entón... as rás cantoras e mailos cágados e os cabalos do demo... e os zapateiros que tan ben nadaban, onde van?

Non agardaba por unha réplica que sen dúbida, lle sabía difícil de pronunciar ao pai. Foi o froito solitario dunha congoxa, filla da impotencia, unha elexía dolorosa ante a crueldade dun destino que non quería aceptar.

E o pai botou a andar detrás do gando, coa ollada fita na punta dos pés. Buscando quizais outras razóns máis axeitadas para regarlle a un fillo, para aledarlle o porvir truncado pola perda. Porque a auga, coma a Terra, tamén é parte de nós que nos doe alá no íntimo, e á Terra doémoslle nós. Como un pai lle doe como propia a pena dun fillo derrotado. Por iso, botou a andar sen

volverse atrás, sen revirarse cara el, xa feito estatua no pedestal do valo. Afalándolle ás vacas quixo afastarse do lugar maldito, das sombras xenerosas dos carballos milenarios e doutras sombras máis sombrías, porque el tamén penaba por dentro, pero era demasiado enteiro para contalo.

Así, dese xeito que outro día crería covarde chamou sen chamar polo fillo, para que fose vindo, lonxe da ferida sen sangue. Porque un pai pode non ter as respostas precisas, pero sabe cando protexer a un fillo. Pois un feixe de inesperada traxedia pode cangar de por vida o lombo de esponxa dun neno. Sabíao o pai, por iso non lle falou dos tanques do xurro que vertían aquel limo cheirento e amarelado, das máis de cen vacas condenadas á cadea perpetua dunha vida de comida mascada por un carro de ferro que todo o engule, dos herbicidas que colman o aire dunha primavera de peste, dese suposto cambio do clima que disque veu agora e disque sae por veces no televisor que el non ve nin entende. De nada disto lle falou. Como tampouco lle falou do vagallón de tristura que lle foi anubrando a faciana curtida de engurras, porque de certo cría que un pai non debe apuralas medras dun fillo a golpes de desenganos.

O fillo viu como o pai calou e como mainiño se deu a volta para afalarlle ás vacas demoradas nos biosbardos. Teso como un xunco, confuso de silencios, cheo de preguntas, enmudecido de incertezas acedas coma o zume de limón, que atragoa a gorxa cando o bebemos de súpeto, co sabor da crueza da vida nos días doces dun neno.

Volveu mainamente a vista cara o rego seco nun derradeiro adeus. Agora agretado por unha dor silenciosa que xacía no chan outrora anegado, mais neste intre, espaxado nun acio de veas sen sangue.

As fentas dos arredores caían cangadas de sede, as oucas tristes e podres, algunha folla de amieiro pousada no leito de morte, a xeito dun pésame de bagoas do arboredo da contorna de Xigonde, alfombra dun verde intenso aos pés do Bacelo de Dentro.

E o mundo xirou mentres aqueles seres indefensos, derradeiros tamén dunha estirpe en extinción, como o rego de Xigonde que choraban, ían camiñando paseniño cara os cómaros das Lamas do Gache. Eran un home tirando para vello, un neno tirando para home e un fato de vacas herdeiras dos tempos anteriores ao pretendido Progreso, ese que arrasou con todo, levándolles tamén aquela auga de cristal que ardía no inverno e refrescaba os pés cansos da endeita no verán ardente. A mesma da que bebía con goce o gando de volta das leiras co bandullo cheo.

Xirou o mundo e foi para non volver ser igual, pois naquel microcosmos que foi a Regueira de Xigonde, un neno que un día medrará para relevar a un pai, decatouse de algo máis ca da traxedia dun mundo ignoto. Mentres ía de camiño aos eidos tralo rastro das vacas, maduraba a pena no fondo do corazón, e tivo por primeira vez, a certeza dun pouso de rabia que prometeu e xurou manter aceso para o mañá. Como un faro na néboa duns tempos escuros, a forza de dicir non, a semente da Terra Nai aldraxada pero agromada de novo vigorosa no peito. Aleitada no recordo da Regueira de Xigonde.